

1. DATOS IDENTIFICATIVOS DA DISCIPLINA	
CÓDIGO	NON CUBRIR
MATERIA	Historia e Teoría da Literatura Dramática
DISCIPLINA	Literatura Dramática I
TITULACIÓN	Título Superior en Arte dramática
ESPECIALIDADE	Dirección de escena e Dramaturxia
ITINERARIO	Dirección de escena e Dramaturxia
CURSO	1º- 2º cuatrimestre
CRÉDITOS ECTS	6
CARÁCTER	Obrigatoria
DEPARTAMENTO	Teoría e historia das artes escénicas
CENTRO	ESAD de Galicia
COORDINADOR/A	Carmen Abizanda Losada
DOCENTE	Nome e apelidos: Almudena Pérez de Oliveira Horario de titorías: www.esadgalicia.com/glg/profesorado.php?id=2&tit=Titor%EDas Despacho: D4 Contacto: almudenaperezdeoliveira@edu.xunta.es
DESCRICIÓN	<p>Estudo dos principais textos e autores relevantes da literatura dramática universal dende o Teatro clásico grego ata o Clasicismo francés. Atenderase ao seu contexto histórico, tanto desde un punto de vista sociopolítico como literario e artístico. Prestarase especial atención ao achegamento do alumnado aos textos teatrais, ao seu contido, forma e xénero, cunha actitude crítica, creativa e analítica, tendo en conta a especificidade das competencias do perfil profesional do director ou dramaturgo.</p>
COÑECEMENTOS PREVIOS	Non se requiren.
LINGUA EN QUE SE IMPARTE	Galego <input type="checkbox"/> Castelán <input checked="" type="checkbox"/> Inglés <input type="checkbox"/>

2. COMPETENCIAS	
COMPETENCIAS TRANSVERSAIS DE GRAO	
T1	Organizar e planificar o traballo de forma eficiente e motivadora.
T2	Recoller información significativa, analizala, sintetizala e xestionala adecuadamente.
T3	Solucionar problemas e tomar decisións que respondan aos obxectivos do traballo que se realiza.
T8	Desenvolver razoada e criticamente ideas e argumentos.
T9	Integrarse adecuadamente en equipos interdisciplinarios e en contextos culturais diversos.
T14	Dominar a metodoloxía de investigación na xeración de proxectos, ideas e solucións viables.
T15	Traballar de forma autónoma e valorar a importancia da iniciativa e o espírito emprendedor no exercicio profesional.
COMPETENCIAS XERAIS DA TITULACIÓN	
X1	Fomentar a autonomía e autorregulación no ámbito do coñecemento, as emocións, as actitudes e as condutas, mostrando independencia na recollida, análise e síntese da información, no desenvolvemento de ideas e argumentos dunha forma crítica e na súa capacidade para a propia motivación e a organización nos procesos creativos.
X3	Potenciar a conciencia crítica, aplicando unha visión crítica construtiva ao traballo propio e ao dos demais, e desenvolvendo unha ética profesional que estableza unha relación adecuada entre os medios que utiliza e os fins que persegue.

X5	Fomentar a expresión e a creación persoal, integrando os coñecementos teóricos, técnicos e prácticos adquiridos; mostrando sinceridade, responsabilidade e xenerosidade no proceso creativo; asumindo o risco, tolerando o fracaso e valorando de maneira equilibrada o éxito social.
X6	Desenvolver unha metodoloxía de traballo, estudo e investigación encamiñada á autoformación na propia disciplina, procurando ámbitos axeitados para a formación continuada e para adaptarse a diversas situacións, especialmente ás derivadas da evolución da súa profesión.
X7	Valorar a Arte Dramática como unha actividade integrada na sociedade e na cultura galegas, coas que comparte obxectivos e retos.
COMPETENCIAS ESPECÍFICAS DE ESPECIALIDADE	
ED1	Concibir propostas escénicas que fundamentan o espectáculo, xerando e analizando conceptos, textos e imaxes e valorando as súas propiedades representativas e a súa calidade estética.
ED2	Proxectar a composición do espectáculo, utilizando todos os coñecementos estéticos e técnicos necesarios sobre as diferentes linguaxes e códigos que participan na representación.
ED5	Investigar para concibir e fundamentar o proceso creativo persoal, tanto no que se refire á metodoloxía de traballo como á renovación estética.

3. OBXECTIVOS DA DISCIPLINA	COMPETENCIAS VINCULADAS
1. Lectura comprensiva e analítica dos textos das épocas correspondentes.	T8, X3, ED1
2. Comprensión dos factores sociais, estéticos e literarios que sustentan as creacións dramáticas de cada autor.	T2, X6
3. Identificación dos autores e movemento, distinguindo os trazos singulares das súas obras e os discursos dramáticos vinculados.	T2, T8
4. Desenvolvemento da capacidade crítica aplicada á lectura e valoración das creacións literarias.	T8, X3
5. Expresión precisa e técnica das propias ideas en relación cos textos, tanto oralmente como por escrito.	T1, T8, ED2
6. Análise comparativa de textos, da mesma corrente ou de correntes diferentes, e de manifestacións artísticas diversas.	T15, T14,
7. Dominio da metodoloxía de investigación bibliográfica, incorporando as novas tecnoloxías e facendo un uso adecuado das mesmas.	T3, X1
8. Interpretación da obra dramática de xeito aplicado á especialidade de dirección e dramaturxia.	X5, ED1, ED2
9. Participación activa en presentacións e debates, defendendo con rigor as súas ideas propias, fomentando o respecto e a escoita das ideas alleas.	ED5, T8, X3, T9, X7
10. Estimulación da autonomía de traballo e o interese persoal polas materias tratadas.	T1, ED1, T2, X1, X7

4. CONTIDOS		
TEMAS	SUBTEMAS	SESIÓNS
TEMA 1: A ORIXE DO TEATRO: A DRAMATURXIA GREGA	1. 1. A traxedia 1.1.1. Esquilo: o primeiro dramaturgo. 1.1.2. Sófocles e a gloria da traxedia grega. Innovacións escénicas. 1.1.3. Aportacións dramaturxias de Eurípides. 1.2. A Comedia 1.2.1. Comedia Antiga: Aristófanes. 1.2.2. A Comedia Nova de Menandro.	10
TEMA 2.: A CREACIÓN DRAMÁTICA EN	2.1. Principais etapas do teatro. 2.2. A comedia.	10

ROMA	2.2.1. Subxéneros cómicos. 2.2.2. Principais dramaturgos. 2.3.Os tráxicos romanos.	
TEMA 3: LITERATURA DRAMÁTICA MEDIEVAL	3.1. Teatro medieval español. 3.1.1. Teatro relixioso. 3.1.2. Teatro profano 3.2. Teatro na Alta Idade Media 3.2.1. Rosvita de Gandersheim 3.2.2. Hildegard von Bingen	4
TEMA 4: A RENOVACIÓN TEATRAL NO RENACEMENTO. TENDENCIAS DA CREACIÓN DRAMÁTICA	4.1. A creación dramática na Italia do século XV: Nicholas Machiavelo 4.2. O Renacemento español: Torres Naharro, Lope de Rueda, Gil Vicente.	7
TEMA 5: A DRAMATURXIA DO SÉCULO DE OURO	5.1. A renovación dramaturxica de Lope de Vega : <i>O arte novo de facer comedias.</i> 5.2. A escola de Lope: Tirso de Molina 5.3. Calderón de la Barca	10
TEMA 6: DRAMATURGOS DO RENACEMENTO INGLÉS	6.1. Christopher Marlowe e os University Wits 6.2. Shakespeare 6.3. Teatro postisabelino	10
TEMA 7: O CLASICISMO FRANCÉS	7.1. Pierre Corneille 7.2. Molière 7.3. Jean Racine	9
TOTAL SESIÓNS		60

5. PLANIFICACIÓN DOCENTE

Actividade / Número de horas	Presencial (horas)	Non presencial (horas)	Total
Actividades introdutorias	2		2
Exposición maxistral	20		20
Estudo persoal, lecturas complementarias e obrigatorias	5	55	60
Traballos de aula			
▪ Comentarios de textos	8	10	18
▪ Guías de lectura		40	40
▪ Debate e análise colectivo na aula	10	7	17
▪ Exposición oral	6	8	14
▪ Probas teóricas	5		5
Titorías individuais	3		3
Actividades de avaliación. Revisión.	1		1
TOTAL	60	120	180
PORCENTAJE	40%	60%	100%

6. PLANIFICACIÓN DOCENTE E METODOLOXÍAS DE ENSINANZA E APRENDIZAXE

Actividades	Descrición
Descrición	Descrición
Exposición maxistral	Exposición por parte da docente dos contidos sobre a materia obxecto de

	estudo, bases teóricas e/ou directrices de traballo e aspectos básicos para o debate coa fin de proporcionar na aula os contidos conceptuais mínimos da disciplina.
Estudo personal, lecturas complementarias e obrigatorias	O alumno deberá ler os textos da literatura dramática universal obrigatorios aplicando e asimilando os contidos manexados na aula.
Traballos de aula	A docente sinalará os traballos de aula a realizar ao longo de cada tema. Poderán ser: <ul style="list-style-type: none"> ▪ <u>Guías de lectura</u>: O alumno deberá realizar na casa unha guía de lectura de cada un dos textos de lectura obrigatoria seguindo, de maneira esquemática, as pautas dadas pola docente. Esta guía levarase á aula para traballar con ela nos debates colectivos. ▪ <u>Debate e análise colectivo na aula</u>: O alumno deberá expoñer as súas percepcións con respecto aos textos lidos e aos contidos concretos que presente a docente. ▪ <u>Comentarios de texto</u>: O alumno deberá analizar correctamente calquera texto ou fragmento aplicando os conceptos explicados pola docente. ▪ <u>Exposición oral</u>: Partindo dun tema proposto pola docente, o alumno deberá realizar unha exposición oral para demostrar a súa competencia na procura de información, técnicas de expresión oral e adaptación ao tempo determinado pola docente. ▪ <u>Probas teóricas</u>: O alumno deberá contestar a unha serie de preguntas teóricas sobre as definicións e conceptos explicados pola docente.
7. ATENCION PERSONALIZADA	
Tutorías individuais	Entrevistas que o alumno mantén coa docente para o asesoramento e o desenvolvemento de actividades da materia e do seu proceso de aprendizaxe.
Revisión de avaliación	Visita de cada alumno á docente coa fin de revisar a avaliación realizada pola docente da materia en cada un dos seus traballos de aula.

8. FERRAMENTAS DA AVALIACION

8. 1 Avaliación ordinaria

Ferramenta / actividade	Competencias avaliadas	Ponderación
Descrición	descrición	
A avaliación ordinaria para os alumnos que teñan dereito á avaliación continua responderá ao seguinte modelo: 1. Media aritmética dos traballos de aula propostos: a) Guías de lectura. b) Debate e análise colectiva. c) Comentarios de texto. d) Exposición oral. e) Probas teóricas.	T1, T2,T3, T8, T9, T15, X1,X2,X3, X5, X7, X8, ED2, ED5	90%

2. Actitude. Seguimento diario: Participación activa, respectuosa e ordenada nas actividades de aula (debates, comentarios de textos, etc.) tanto de carácter individual coma de grupo.	T1, T2, T9, T15, X1, X2, X5, X8, ED5	10%
---	--------------------------------------	-----

IMPORTANTE

- Os traballos presentados fóra de prazo terán unha cualificación de 0.
- Calquera copia de material sacado da rede ou de outro soporte sen facer referencia explícita a súa procedencia implicará o suspenso na materia.
- Terán a consideración de suspensos os traballos ou exames que teñan unha redacción, presentación ou ortografía inadecuada.

8.2. Avaliación extraordinaria

Ferramenta / actividade	Competencias avaliadas	Ponderación
Descrición	descrición	
Na convocatoria de xullo o alumno deberá examinarse dos contidos aos que se refire o temario. O exame constará de dúas partes: <ul style="list-style-type: none"> - Unha primeira parte teórico-práctica composta por un número variábel de preguntas teóricas con aplicación práctica (entre 3 e 5) vinculadas ao temario da materia. - A segunda parte, práctica, será en forma de comentario de texto (completo ou parcial) e deberase empregar a estrutura de comentario e a terminoloxía explicada na materia. 	T1,T2,T3,T8,T15,X1,X3,X5, ED1, ED2, ED5	100%

8.3 Avaliación específica para alumnado sen avaliación continua / ordinaria / extraordinaria

Ferramenta / actividade	Competencias avaliadas	Ponderación
Descrición	descrición	
Os estudantes que perdan o dereito a avaliación continua por ausentarse máis dun 10% das horas da materia deberán someterse a exame na convocatoria de xuño. Este constará de dúas partes: <ul style="list-style-type: none"> - Unha primeira parte teórico-práctica composta 	T1,T2,T3,T8,T15,X1,X3,X5, ED1, ED2, ED5	100%

<p>por un número variábel de preguntas teóricas con aplicación práctica (entre 3 e 5) vinculadas ao temario da materia.</p> <ul style="list-style-type: none"> - A segunda parte, práctica, será en forma de comentario de texto (completo ou parcial) e deberase empregar a estrutura de comentario e a terminoloxía explicada na materia. 		
--	--	--

9. BIBLIOGRAFÍA, MATERIAIS E OUTROS RECURSOS

LECTURAS OBRIGATORIAS:

- Eurípides: *Medea*.
- Aristófanes: *Lisístrata*
- Plauto: *Aulularia*.
- *Machiavelo: La Mandrágora*.
- Tirso de Molina: *El burlador de Sevilla*.
- Calderón de la Barca: *La vida es sueño*.
- Christopher Marlowe: *Fausto*.
- William Shakespeare: *La tempestad, El sueño de una noche de verano*.
- Molière: *Don Juan o el convidado de piedra*.

O anterior listado pode verse modificado nalgún punto en virtude do desenvolvemento da docencia e os seus imprevistos a criterio da docente, avisando ao alumnado dos parámetros de mudanza con suficiente antelación.

REFERENCIAS BÁSICAS:

- AGUIAR E SILVA (1967): *Teoría de la literatura*, Madrid, Gredos.
- ARELLANO, I. (1995): *Historia del teatro español del siglo XVII*. Madrid: Cátedra.
- ARRÓNIZ, O. (1969), *La influencia italiana en el nacimiento de la comedia española*, Madrid, Gredos.
- BREGAZZI, J. (1999): *Shakespeare y el teatro renacentista inglés*, Madrid, Alianza.
- DÍEZ BORQUE, J.M. (1978): *Teatro y sociedad en la España de Lope de Vega*. Barcelona: Planeta.
- (1987) *Los géneros dramáticos en el siglo XVI: el teatro hasta Lope de Vega*, Madrid, Taurus.
- (1988): "El teatro en el siglo XVII". En *Historia crítica de la Literatura Hispánica*, nº 9. Madrid: Taurus.
- EASTERLING, E. E KNOX (eds.) (1990): *Historia de la literatura clásica de Cambridge*. Madrid: Gredos.
- HERMENEGILDO, A. (ed.) (1990): *Teatro renacentista*. Madrid: Espasa-Calpe.
- HUERTA CALVO, J. (1984): *El teatro medieval y renacentista*. Madrid: Playor.
- (1995): *Los géneros literarios: Sistema e historia*, Madrid, Cátedra, 2ª ed.
- (2003): *Historia del teatro español*. Madrid: Gredos. 1º vol.
- LÁZARO CARRETER, F. (ed.) (1981): *Teatro medieval*. Madrid: Castalia.
- LEAL, J. (2006): *El teatro francés de Corneille a Beaumarchais*. Madrid: Síntesis.
- LESKY, A., (1966): *La tragedia griega*, Barcelona, Labor.
- PORTILLO, R. (1987): *Estudios literarios ingleses. Shakespeare y el teatro de su época*. Madrid: Cátedra.

RECKERT, S., (1979): *Gil Vicente: espírito y letra*. Madrid, Gredos, 1977.

RODRÍGUEZ ADRADOS, F. (1983): *Fiesta, comedia y tragedia (sobre los orígenes del teatro griego)*. Madrid: Alianza.

---- (1999): *Del teatro griego al teatro de hoy*. Madrid: Alianza.

RUIZ RAMÓN, F.(1997): *Paradigmas del teatro clásico español*. Madrid: Cátedra.

RUIZ SOLA, A., Begoña Ortega Villaro e José Ignacio Blanco Pérez (eds.) (1993): *Teatro clásico y teatro europeo*. Burgos: Universidad de Burgos.

SEGURA MUNGUÍA, S. (2001): *El teatro en Grecia y Roma*. Bilbao: Zidor.

TAZÓN SALCES, J., (2003); *Literatura de la época isabelina*, Madrid, Síntesis.

URIBE, M. de la L. (1983): *La comedia del arte*. Barcelona: Destino.

VIEITES, M.F., (2001): "La literatura dramática medieval en lingua galega: ¿ficción ou alucinación? Algunhas notas sobre a impronta das artes escénicas na cultura medieval europea". En Anuario de Estudios Literarios galegos 2000, Vigo, Galaxia, pp.:69-124.

----- (2007): *Literatura dramática: unha aproximación histórica*, Vigo, Editorial Galaxia e IGAEM.

Referencias complementarias

TORRES MONREAL, F. y OLIVA, C. (1990): *Historia básica del arte escénico*, Madrid, Cátedra.

10. OBSERVACIÓNS

Esta Guía Docente pode verse modificada nalgún punto en virtude do desenvolvemento da docencia e os seus imprevistos a criterio do docente avisando ao alumnado dos parámetros de mudanza coa suficiente antelación.